

A VER AVES. A PERCEPCIÓN SOBRE AS ACTIVIDADES DE NATUREZA NUN CENTRO DE SECUNDARIA

**CHAO PENABAD, OSCAR
GARCÍA-RODEJA GAYOSO, ISABEL**
*Dpto. de Didáctica das Ciencias Experimentais,
Universidade de Santiago de Compostela*

RESUMO

Neste traballo estúdanse as particularidades dun tipo de estratexia educativa que está a emerxer nos últimos anos, a coñecida na terminoloxía anglosaxona como *outdoor education*: a educación ao aire libre ou en ambientes exteriores á aula (ver p.e. Aucoin, 2011, Borland, 2011, Donaldson e Donaldson, 1958). Especificamente céntrase na realización de actividades na natureza nun centro de Educación Secundaria do sistema público de ensino, onde se analizan as principais vantaxes da súa aplicación, así coma as dificultades que adoitan acompañar á realización de saídas ao campo e a súa incorporación ao sistema educativo formal.

Durante as últimas décadas, os problemas sociocientíficos e de carácter medioambiental pasaron a situarse nun primeiro plano ao poñerse en risco a calidade de vida do ser humano e o medio ambiente. Aínda que se incrementa a concienciación e a sensibilización con respecto á necesidade de conservar o medio ambiente as actividades de educación ambiental na natureza xoga un papel insuficiente no sistema educativo actual tal e como sinalan Rebelo, Marques e Costa (2011). Asemade a alfabetización ambiental e científica cobra unha especial relevancia, pois como futuros cidadáns, os alumnos e as alumnas necesitan ter a información, os coñecementos e a formación necesaria para poder intervir de forma responsable e democrática na toma de decisións relacionadas con aspectos funcionais da ciencia e do medio ambiente que afectan ao benestar, ao desenvolvemento económico, ao progreso social e á calidade de vida (Santos, 2005; Rebelo et al., 2011). As actividades na natureza son unha parte fundamental de esa necesaria educación ambiental xa que mais aló do que poden aportar para un mellor coñecemento do entorno local e de xerar unhas actitudes positivas cara a súa conservación, proporcionan unha gran variedade de beneficios, entre eles os que teñen que ver co desenvolvemento de relacións persoais e de carácter social, emocionais, de promoción de coñecementos, habilidades e actitudes. Isto fai das actividades na natureza un contexto ideal que pode ser empregado en calquera das materias do currículo actual.

No traballo realizado preténdese comprobar os beneficios das actividades na natureza mediante unha experiencia práctica e analizar asemade outros aspectos, como o grao de coñecemento que posúen os alumnos sobre os espazos naturais da contorna e a diversidade, tanto de especies coma de ecosistemas, que se atopan no seu entorno máis próximo. Para iso traballouse dentro da materia de Bioloxía e Xeoloxía con un grupo de 33 alumnos pertencentes ao cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria, cos que se levou a cabo unha actividade destas características.

Para estudar a evolución dos estudantes e recoller as súas percepcións sobre a educación ao aire libre na natureza, así coma as de outros membros da comunidade educativa implicados directamente na toma de decisións sobre a realización destas actividades (docentes e nais/pais), empréganse cuestionarios como a principal ferramenta para a obtención da información. En primeiro lugar deseñouse un cuestionario para os alumnos, co fin de coñecer as súas percepcións sobre ás actividades na natureza, os espazos naturais próximos a eles, o respecto e a concienciación medioambiental, e o seu nivel de contacto co medio natural. Para comprobar os posibles cambios de opinión e a evolución das súas percepcións despois da realización da experiencia, realizouse un segundo cuestionario que recolleu os mesmos apartados. En segundo lugar, deseñáronse cuestionarios que puideran reflectir as percepcións dos docentes e das familias en relación ás actividades na natureza, co obxectivo de contrastar ambos puntos de vista e de comprobar algúns dos obstáculos mencionados por Fullonet (1989) e Rebelo et al. (2011). Para analizar as respostas ás preguntas calculáronse as frecuencias e as porcentaxes das contestacións nas preguntas pechadas; no caso das cuestións de carácter aberto categorizáronse primeiro as respostas e posteriormente calculáronse as frecuencias para cada categoría. Os resultados parecen indicar que pese aos destacados beneficios das actividades ao aire libre, existen prexuízos e dificultades que seguen a impedir a súa integración coma un elemento máis do currículo nas diferentes materias da Educación Secundaria.

REFERENCIAS

- Aucoin, P.J. (2011). Discovering Sense of Place: Application through Education. *Pathways: The Ontario Journal of Outdoor Education*, 23 (3), 14-18.
- Borland, J. (2011). Provoking Dialogue: A Short History of Outdoor Education in Ontario. *Pathways: The Ontario Journal of Outdoor Education*, 23 (2), 32-33.
- Donaldson, G.E. e Donaldson, L.E. (1958). Outdoor education: A definition. *Journal of Health, Physical Education and Recreation*, 29 (17), 63.
- Funollet, F. (1989). Las actividades en la naturaleza como marco de una educación física activa y eficaz. *Apunts: Educación física y deportes*, 16, 81-85.
- Rebelo, D., Marques, L. e Costa, N. (2011). Actividades en ambientes exteriores al aula en la Educación en Ciencias: contribuciones para su operatividad. *Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*, 19 (1), 15-25.
- Santos, E. (2005). Cidadania, conhecimento, ciência e educação CTS. Rumo a “novas” dimensões epistemológicas. *Revista CTS*, 6 (2), 137-157.

Agradecimientos: EDU2012-38022-C02-01